



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA DEZASETE DE XANEIRO DE 2019
EXPEDIENTE: 2019/G010/000001

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela

Alberto Seoane Brandariz

Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Francisca Bestilleiro Roel

Marcos Zapata Díaz

José María Caamaño Nogueira (incorpórase á sesión no punto 2)

Luis Constante Freire Pérez de Juan

Fátima Insua López

Roberto Gómez Lesta

María Ángeles Vilas Pedreira

Francisco Javier Rodríguez Souto

Francisco Javier Niño Ricoy

Escusan a súa ausencia:

Secretario

Adrián J. Márquez Caramés

Interventora

Gema Vázquez López

En Abegondo, ás trece horas e trinta e oito minutos do día dezasete de xaneiro de 2019, previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente José Antonio Santiso Miramontes, e asistido do secretario Adrián J. Márquez Caramés, os concelleiros na marxe expresados co obxecto de realizar a sesión ordinaria.

Logo de comprobar que asisten o número suficiente para a válida constitución, o Sr. alcalde-presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é a seguinte:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES (22.11.18 e 20.12.18).

De acordo co disposto no art. 91 do ROF o Sr. alcalde-presidente consultou os concelleiros se desexan facer algunha observación ás actas de data 22.11.2018 e 20.12.2018 que estaban pendentes de aprobar. O concelleiro Roberto Gómez Lesta solicita que na acta de 20.12.2018, no referente á "costa do Coto", se corrixa as apreciacións (*O alcalde presidente comentou a Roberto Gómez que lle ía poñer unha placa pola preocupación que amosaba por Vilacoba, ao que o concelleiro respondeulle que a él non, en todo caso de poñerlla a alguén que fora a Fina (súa nai) que abriu co seu diñeiro a "pista do Coto"*).

Unha vez sometido este punto da orde do día a votación ordinaria a Corporación Municipal acordan a aprobación das actas coas indicacións indicadas todos os membros presentes, agás José María Caamaño Nogueira que está ausente.

2. -APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTUALIZACIÓNS DE INVENTARIO

Neste intre entra na sala e incorpórase á sesión José María Caamaño Nogueira.

Dáse conta dunha proposición informada favorablemente pola comisión informativa correspondente que di:

ASUNTO: ACTUALIZACIÓNS DO INVENTARIO MUNICIPAL
EXPEDIENTE: 2019/G006/000001

EXPEDIENTES: 2017/G003/000591 2018/X999/000225

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. En data 26.12.2013 o Pleno do concello de Abegondo aprobou o inventario de bens municipais.

SEGUNDO. Consta informe de secretaría.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- O Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. O artigo 33 do Regulamento de bens indica que a rectificación do inventario se verificará anualmente e nela reflectiránse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa.

SEGUNDA. Os bens (camiño AB-548) e o (camiño 1761) se achegan con detalle nas fichas do inventario correspondentes.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno de acordo coa Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,
PROPOÑO:

PRIMEIRO.- Que se exclúan do inventario municipal os camiños municipais o (camiño AB-548) e o (camiño 1761).

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos interesados aos efectos oportunos.

Ábrese o debate:

Francisco Javier Niño Ricoy solicita que se aclare a tramitación a este expediente en relación coa conformación do inventario municipal ao que o secretario lle contesta que o inventario municipal de camiños se realizou a través dun estudo técnico e dun expediente de investigación moi complexo e cunha información pública que, aínda que foi ampla, puido non chegar a todos os veciños, que os camiños non se rexistran e polo tanto, cando un veciño extemporaneamente achega datos que indican que o camiño non é de titularidade pública, hai que corrixilo e é o que se fixo nestes casos.

Francisco Javier Niño Ricoy: E os terreos ao redor do pantano?

Alcalde-Presidente: Expropiáronse, algúns son terreos inundables e outros do Concello da Coruña.

Francisco Javier Niño Ricoy: Iso haberá que certificalo para a senda ciclable.

Alcalde-Presidente: Todo o que ten que ver co Concello da Coruña, teno que autorizar e nós xa fixemos os certificados necesarios pola nosa banda.

Francisco Javier Rodríguez Souto: Estamos de acordo.

Logo do debate, vótase a proposta presentada co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Marcos Zapata Díaz, Luis Constante Freire Pérez de Juan, Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)

Votos en contra: 0

Abstención: 1 (Francisco Javier Niño Ricoy)

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta.





CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

3.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE DA DESAFECTACION DO CAMIÑO AB-0218

Dáse conta dunha proposición informada favorablemente pola comisión informativa correspondente e emendada polo pleno que di:

ASUNTO: DESAFETACION DO CAMIÑO AB-0218

EXPEDIENTE:2018/X999/000219

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Preséntase a solicitude co rexistro de entrada (E.R.E) núm. 201800000003424 o día 28/08/2018 12:55:00 por parte de Don/a JMCV con NIF ***344F para DESAFETAR O CAMIÑO AB-0218.

SEGUNDO. O 31.10.2018 o arquitecto técnico municipal informou favorablemente a solicitude, previa audiencia á María Pilar Alvarez Galan, pola utilidade que lle pode supoñer.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- O artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Os artigos 22.2.l), 47.2.n) e 81 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. A desafectación consiste na alteración da cualificación xurídica dun ben, pasando de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial, que require para iso un expediente no que se acrediten a súa oportunidade e legalidade.

Son bens de dominio público os destinados a un uso ou servizo público e os comunais. Son bens patrimoniais os de titularidade local que non estean destinados directamente ao uso público ou afectados a un servizo público da competencia local ou ao aproveitamento polo común dos veciños e poidan constituir fonte de ingresos para o seu erario. Se non consta a afectación dun ben local presúmese que é patrimonial.

SEGUNDA. Corresponde ao Pleno do Concello acordar a alteración da cualificación xurídica dos bens, previo expediente no que se motive a súa oportunidade ou necesidade, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

TERCEIRA. En calquera caso, a incorporación ao patrimonio da Entidade Local dos bens desafectados, mesmo cando procedan de deslinde de dominio público, non se entenderá efectuada ata a recepción formal polo órgano competente da Corporación dos bens que se trate, e en tanto a mesma non teña lugar seguirán tendo aqueles o carácter de dominio público.

CUARTA. A modo de motivación do expediente cabe destacar o seguinte extracto do informe técnico:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Polo anterior considero que a pesares de que o tramo do camiño incluído no inventario co nome AB-0218 o que da tronte a parcela de referencia catastral 15001B508022000000PM non ten utilidade ningunha para a comunicación vial dentro do Concello por estar cortado pola explanación da autovía A-6, pero si que pode ter utilidade para a propietaria da parcela de referencia catastral 15001B508104190000PH dona María Pilar Álvarez Galan, polo que considero que previo a desafectación debería pedirlle a esta propietaria a súa opinión o respecto.

QUINTA. O procedemento para levar a cabo a desafectación é o seguinte:

A. A alteración da cualificación xurídica dos bens das Entidades Locais requiren expediente no que se acrediten a súa oportunidade e legalidade.

Así, polos Servizos Técnicos Municipais emitírase informe sobre a oportunidade ou necesidade segundo a Lexislación vixente da desafectación do ben moble.

B. Emitírase certificación do Secretario da Corporación sobre a anotación do ben inmovible no Inventario de Bens do Concello, como ben de dominio público.

C. O expediente someterase a información pública, durante un mes, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello. Durante este período, quedará a disposición de calquera interesado que desexe examinalo e poderanse presentar as alegacións que se estimen oportunas.

D. Por Acordo do Pleno e previo Ditame da Comisión Informativa, aprobarase inicialmente a desafectación do ben cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

E. Estudadas as alegacións presentadas, acordarase, a alteración da cualificación xurídica, polo Pleno da Entidade Local, que deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

F. Aprobada a desafectación do ben, deberánse facer as anotacións pertinentes no Inventario de Bens Municipal.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. **Esta alcaldía propónlle ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a desafectación parcial nos termos expresados polo técnico municipal no seu informe do ben inmovible camiño municipal nº AB-0218 procedente do polígono 5 da concentración parcelaría de Mabegondo, Abegondo, Cabanas, Cerneda e Viós como se pode ver no seguinte recorte, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

SEGUNDO. Publicar este Acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, o expediente atoparase disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <https://sede.abegondo.gal>

TERCEIRO. Dar traslado expreso do presente acordo aos propietarios limítrofes e a interesada MPAG aos efectos oportunos.

Non hai debate e logo das emendas xa indicadas no texto, vótase a proposta emendada co seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Marcos Zapata Díaz, Luís Constante Freire Pérez de Juan, Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto e Francisco Javier Niño Ricoy)

Votos en contra: 0

Abstención: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

4. PROPOSTA DE URXENCIA: PACTO DOS ALCALDES POLO CLIMA E A ENERXÍA

Dáse conta dunha proposición de urxencia fóra da orde do día presentada polo alcalde presidente en relación ao pacto dos alcaldes polo clima e a enerxía. Logo da explicación da reunión do alcalde con representantes da Fegamp e da Consellería de Medio ambiente, e xa que se pretende realizar todo antes do ano 20, o alcalde se comprometeu a levala a pleno.

Francisco Javier Niño Ricoy indica que non está de acordo coa urxencia, é un texto xenérico e sen medidas concretas, queda en auga de borralla.

Francisco Javier Rodríguez Souto indica que están en contra da urxencia e se absterán. Un pouco na liña de Pancho.

Procédese á votación da urxencia:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Marcos Zapata Díaz, Luis Constante Freire Pérez de Juan)

Votos en contra: 5 (Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira, Francisco Javier Rodríguez Souto e Francisco Javier Niño Ricoy)

Abstención: 0

Unha vez aprobada a urxencia pásase ao estudo da proposta:

ASUNTO: PACTO DOS ALCALDES POLO CLIMA E A ENERXÍA

EXPEDIENTE: 2019/G006/000007

Dada a convocatoria do Pleno ordinario de data 17/01/2019, considero necesario incluír de urxencia o seguinte punto: "PACTO DOS ALCALDES POLO CLIMA E A ENERXÍA", co seguinte contido:

O **Pacto dos Alcaldes** promovido pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en colaboración coa Unión Europea e o **formulario de adhesión** ao Pacto dos Alcaldes.

Por todo o exposto, esta Alcaldía proponlle o Pleno que se postule sobre **a decisión de adherirse ou non ao Pacto**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

dos Alcaldes da Unión Europea e que se designe un representante do Concello para a sinatura de adhesión.

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors' Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométese a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

- 1) un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;
- 2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático; Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de mais de 20.000 habitantes.

Cofecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcalde do Concello de Abegondo recoñezo que o noso compromiso esixe:

Un liderado político forte:

Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;

Un enfoque territorial integral e intersectorial.

A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:

O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.

O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.

Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.

A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.

Revisar periodicamente ns nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.

Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, eu José Antonio Santiso Miramontes alcalde desta Corporación, comprométome a:

1. Reducir as emisións de CO₂ no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.
2. Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.
3. Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.
4. Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.
5. Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.
6. Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e regionais da Unión Europea.
7. Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.
8. Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.
9. Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.

Non hai debate e vótase a proposta presentada co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Marcos Zapata Díaz, Luis Constante Freire Pérez de Juan)

Votos en contra: 0

Abstención: 5 (Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira, Francisco Javier Rodríguez Souto e Francisco Javier Niño Ricoy)

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta.





CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO.

5. DECRETOS DA ALCALDÍA.

Dáse conta dos decretos de Alcaldía.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Francisco Javier Niño Ricoy: A estrada principal de Montouto a Folgoso está moi deteriorada, tamén nas gabias e nas "tajeas".

Alcalde-Presidente: Precisamente faleino hoxe co secretario: que se lle dea orde directa ao policía local, cando vexa movemento de tala de árbores, que veñan polo Concello para presentar o aval e facer a correspondente solicitude no Concello.

Francisco Javier Niño Ricoy: Limitacións de velocidade en Bordel, no cruce ao principio, onde estaba o centro social, máis abaixo onde se fixeron as beirarrúas, como mínimo débese reducir a 50 km/h.

Alcalde-Presidente: trasladarémollos á Deputación porque é da súa titularidade.

Francisco Javier Niño Ricoy: Na estrada que bordea o pantano, a ponte estreita que vai a Orto deberíase poñer un límite de velocidade, 30 Km/h.

Alcalde-Presidente: Podemos sinalizar unha preferencia. Que poñan dúas, a de limitación da velocidade e a de preferencia.

Francisco Javier Rodríguez Souto: Sobre a venda de madeira dun monte en Cernada, vaise reinvestir na parroquia?

Alcalde-Presidente: Houbo unha poxa para cumprir coa regulamentación de distancias de monte e falamos cos veciños para ver que se facía. Enviamos unha proposta de proxecto de mini centro social.

Francisco Javier Rodríguez Souto: É certo que lles dixos os veciños de Cernada que o terían listo para o verán de este ano?

Alcalde-Presidente: Sí, é certo.

Francisco Javier Rodríguez Souto: Sobre a ordenación provisional, a título informativo, pódese segregar en núcleos?

Alcalde-Presidente: Pódese segregar nas mesmas condicións de acordo co que indique o plan, é unha pregunta moi técnica e dependerá do caso concreto.

Francisco Javier Rodríguez Souto: Quereríamos información sobre o programa de traballo do PXOM.

Secretario: Podemos pasárvolo.

Roberto Gómez Lesta: Os "baches" de Vilacova vanse amañar?

Alcalde-Presidente: As plantas de aglomerado estiveron pechadas en Nadal, pero vanse amañar.

Neste intre ten que ausentarse Roberto Gómez Lesta, que escusa a súa ausencia.

Francisco Javier Rodríguez Souto: Cales son as funcións do policía local? Entendo que non debe facer as notificacións de todo o concello.

Secretario: Entre as súas funcións, que son as da Lei de coordinación de policía locais de Galicia, está a de notificar. En todo caso, outros funcionarios tamén notificaron e contratouse unha empresa para algúns núcleos.

Francisco Javier Rodríguez Souto: Entendo que se pode dedicar a cousas máis importantes e non facer todo o concello, hai empresas privadas e outros traballadores poden facelo.

Alcalde-Presidente: Tamén me alporizou un pouco este asunto e xa llo comentei ao secretario para contratar unha empresa.

Francisco Javier Rodríguez Souto: As vivendas en estado irregular ou ilegais no procedemento xudicial polas





CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

parcelacións ilegais en Limiñón, que ten pensado facer o Concello, como vai actuar?

Alcalde-Presidente: Imos respectar as sentenzas. Non lles desexo nada negativo aos técnicos nin aos cidadáns. A fiscalía quere que se execute pero a Audiencia Provincial xa dirá o que teña que dicir.

A maioría das vivendas estaban nunha situación similar ás das vivendas como as de Fátima, que ten licenza ou a de Gustavo, na mesma categoría, e entendo que a sentenza non afecta ao 85% das vivendas.

Fátima Ínsua López: Entón recoñece que a miña casa ten licencia, pero cando o veciño veu aquí e presentou un escrito solicitando que se investigase non llo dixo??

Alcalde-Presidente: O veciño presentou o que quixo pero eu precisamente, por iso, xa non fixen nada nin iniciiei o expediente.

Francisco Javier Rodríguez Souto pregunta o Sr. Alcalde: se él fose veciño nesa situación se estaría tranquilo?

Alcalde-Presidente: Eu neste caso estaría tranquilo.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por finalizado o acto ás catorce horas e trinta e catro minutos do día do encabezamento, levantándose a presente acta, do que como secretario dou fe.

O alcalde-presidente

O secretario

José Antonio Santiso Miramontes

Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.